

UNHA BIOBIBLIOGRAFÍA DO PADRE MARTÍN SARMIENTO (1695-1772)

Ramón Mariño Paz

Instituto da Lingua Galega. Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela

Vaia por diante, para empezar, o aviso de que, se hai unha biobibliografía que o interesado na figura do Padre Martín Sarmiento non pode deixar de consultar, esa non é outra cá que o propio beneditino escribiu baixo o título de *Catálogo de los pliegos que yo, Fray Martín Sarmiento, beneditino y profeso de San Martín de Madrid, he escrito de mi mano, pluma y letra sobre diferentes asuntos*. Por máis que na actualidade o público lector non ten acceso a esta obra máis ca a través de edicións non merecentes de creto que nin sequera parten do correspondente autógrafo, coído que así e todo cómpre seguir recomendando a lectura dalgunha das ditas edicións, pois atoparanse nelas declaracións persoais que me parecen imprescindibles para apreciar xustamente a traxectoria humana e intelectual de Frei Martín. A este *Catálogo* voume referir en repetidas ocasións nas liñas que seguen¹.

Tal vez a primeira impresión que produce a simple lectura da produción escrita do Padre Sarmiento desde 1718 ata aproximadamente 1770, pouco antes do seu pasamento, é a de que nos encontramos ante unha obra en bruto, desordenada, mesmo caótica, carente da coherencia e a sistematicidade que seguramente só lle poderían proporcionar-las honores da imprenta e as necesarias revisións e correccións que estes levan consigo. Produce tamén, por outra parte, a sensación de se-la obra dunha mente sorprendentemente inquieta, vivaz, tan capaz de interesarse nos máis variados temas da historia

¹ O manuscrito autógrafo está depositado na Biblioteca Nacional de Madrid (mss. 17.642). Domínguez Fontela (1924) publicou non a transcripción deste autógrafo madrileño, senón a dun manuscrito que custodiaba a Biblioteca Provincial de Ourense e que desapareceu no incendio que esta sufriu en 1927. Máis tarde Viñas Cortegoso (1952) publicou unha edición con interpolacións do Padre José de Goyanes, quen, segundo Pensado (1972: 17-18), debeu de ir engadindo, sobre o orixinal, noticias e declaracións autobiográficas tiradas de diversas obras do Padre Sarmiento. Este texto interpolado polo Padre Goyanes reproducíuse en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27 (1972), pp. 328-342, e volveu a reproducilo Filgueira Valverde (1994: 123-138). Referi-me a esta obra polo nome con que habitualmente é coñecida, *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento*, que é o título que Goyanes lle puxo á copia que, segundo di, fixera do autógrafo de Sarmiento.

natural, a botánica, a etimoloxía e outras ciencias e saberes máis ou menos cultivados na súa época como presta a elaborar precisos e autorizados dictames sobre mesteres tan técnicos e incluso domésticos como poidan se-los que versan sobre a mellor maneira de levantar unha ponte de un único arco sobre o río Sil (escrito sen data mencionado na *Cronología de los escritos del R. P. M. F. Martín Sarmiento* da colección Medina Sidonia), sobre a defensa dos dereitos e as propiedades da súa congregación beneditina (en 1735, 1743 ou 1763) ou –a pedimento do propio rei Felipe V e logo de Fernando VI– sobre como decorar convenientemente o novo Palacio Real (1747). Produce, en fin, a impresión esperable da obra manuscrita e pouco revisada, en xeral non destinada á publicación e en boa parte feita por encargo², dun dos poucos intelectuais que durante o século XVIII español puido brillar á altura do Padre Feijoo pola diversidade, profundidade e actualidade dos seus intereses e coñecementos.

A consulta da cronoloxía dos escritos do Padre Sarmiento á que remito no anexo deste artigo permite apreciar, sen menoscabo da xa mencionada variedade temática, que o famoso bieito pontevedrés escribiu fundamentalmente sobre cuestións relacionadas coa historia natural, a botánica, a linguaxe e as linguas (con particular atención e dedicación á lexicografía, á etimoloxía, á onomástica e á lingua galega), a literatura, a historia, a xeografía, a correcta disposición e organización de bibliotecas e arquivos e o que el estimaba unha necesaria reforma do ensino na España do seu tempo. Como é lóxico e esperable, o viveiro no que se nutre o discurso intelectual de Sarmiento non é outro que unha voraz inclinación á lectura que andando o tempo o levou a reunir unha magnífica biblioteca persoal que en 1772, meses antes da súa morte, constaba duns 7.500 volumes; ora ben, este gusto pola lectura xa debía de ter certa firmeza en 1710, ós seus quince anos, cando, segundo conta na *Vida y viajes literarios*, se afeccionou infinito a le-la Biblia (cf. Filgueira Valverde 1994: 123). Na mesma autobiobibliografía verá o seu lector como esa paixón de lector o conduciu a encerrarse durante o verán de 1714 na biblioteca do convento madrileño de San Martín, que tiña ó redor dos dez mil volumes, moveuno a rexistrar “a gusto” –di el mesmo– a biblioteca do colexio de San Vicente de Salamanca en 1716 ou fixoo volver sobre a biblioteca madrileña de San Martín no verán de 1718. Son estes, evidentemente, anos de formación nos que varias das materias que máis intensamente o apaixonarán na súa madurez non están aínda no seu pensamento, que se ocupa sobre todo, como el mesmo deixou anotado na *Vida y viajes literarios*, de cuestións tales como a xeografía, a cronoloxía (é dicir, a relación cronoloxicamente ordenada dos feitos históricos), a mitoloxía, a aritmética e, con particular dedicación e traballo, dos alfabetos de moi diversas linguas. De aquí sairá o primeiro manuscrito rexis-

² Pensado (1972: 27-28), que calcula que máis de dous tercios da obra do bieito pontevedrés responde a consultas ou encargos que lle fixeron destacadas autoridades da corte borbónica do seu tempo, incluídos os reis, fai unha observación que estimo de interese para nós: “Parece un poco extraño que fuesen a consultar sobre temas del presente a un extraño personaje que vivía encerrado en el pasado y entre las paredes de una celda y rodeado de libros. No debe sorprendernos porque todos ellos sabían que aquel monje estaba al día en la información bibliográfica europea y suministraba, por lo menos, una información histórica del problema consultado, siempre aprovechable”.

trado na *Cronologia* da colección Medina Sidonia: o *Pangrammaticon Lexicon, sive Clavis Omnium Alphabetorum Novo-Veterum*, de 1718.

Unha das tarefas a que máis tempo dedicou entre os últimos anos vinte e os primeiros trinta foi a da defensa da figura e a obra do Padre Feijoo, por quen sentía un respecto e admiración tan grandes que chegou en 1732 a publica-la *Demonstración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal*, o único libro que deu á imprenta ó longo da súa vida. Conste, ademais, que a súa colaboración co mestre de Casdemiro non se limitou á publicación desta obra apoloxética de 1732: como xa indicou Maraño (1934: 138-147), Sarmiento colaborou activamente con Feijoo durante anos, ben subministrándolle bibliografía e erudición diversa necesaria para a redacción dos discursos e cartas eruditas, ben corrixindo –coa autorización do amigo– os orixinais que este non dubidaba en someter á súa consideración.

A produción manuscrita saída da pluma de Frei Martín entre os seus corenta e cincuenta anos, entre 1735 e 1745, parece dominada case en absoluto polos dictames, informes, cartas e aprobacións de libros, cousas que non deixará de facer ata a súa morte. Ora ben, entre todo aquilo que escribiu nos seus corenta e tantos anos salientan, naturalmente, as *Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas españoles*, que tiña rematadas en 1745. Nunha biobibliografía coma esta, que ante todo quere ofrecer unha visión da traxectoria intelectual de Sarmiento, non se lle pode ocultar ó lector o dato de que estas *Memorias* foron unha obra de encargo que en 1741 lle pediu o cardeal Valenti Gonzaga. É o propio Frei Martín quen na *Vida y viajes literarios*, onde en varias ocasións declara que nunca foi poeta nin tivo inclinación á poesía, advertiu que, se escribiu as devanditas *Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas españoles*, fíxoo por obedecer ó cardeal Valenti (cf. Filgueira Valverde 1994: 124). E aínda engade que cando no verán de 1745, estando en Pontevedra, recibiu unha carta do cardeal comunicándolle que recibira os cincuenta pregos orixinais que lle enviara, “ya no pensé más en ellos, ni en Poetas, ni Poesías” (cit. en Filgueira Valverde 1994: 129). Estou seguro de que, aínda admitindo que non era a poesía o asunto ó que máis o inclinaba o seu xenio intelectual, hai que ver algo de exceso en todas estas observacións de Sarmiento, que ó cabo era persoa interesada en moitas e variadas materias e que ademais escribiu cun encomiable espírito crítico as *Memorias* que lle encargara o cardeal Valenti. A elas, sen dúbida ningunha, poden aínda hoxe acudi-los historiadores da literatura seguros de atopar, se non noticias ignoradas, si cando menos xuízos de grande valor. Mais permítaseme, como lingüista que son, que chame a atención particularmente sobre o espléndido capítulo titulado “Caracteres, Escritura, y Lengua vulgares de los Españoles” (Sarmiento 1775: 94-122), no que a lingüística histórica moderna tería moi pouco que corrixir.

Como probablemente irá comprobando xa o lector, a obra de Frei Martín ata este momento é diversa, heteroxénea, produto de encargos e encomendas na maioría dos casos. Mais, por riba desta diversidade, realmente viva e efectiva ó longo da totalidade da súa traxectoria intelectual, non me semella excesivo nin produto do voluntarismo

afirmar que se percibe en toda a súa obra, xa desde o interese polos alfabetos dos anos mozos, unha constante que se irá perfilando, definindo, conforme vaia pasando o tempo e que terminará funcionando a xeito de fio conductor e vertebrador: a preocupación lingüística. Parécenme, por tanto, xustísimas as seguintes palabras de Pensado (1970: 19): “día a día nos vamos convenciendo de que todas sus obras están tocadas por una preocupación lingüística que hace difícil prescindir de cualquiera de ellas, ya que en todas está siempre presente el lingüista, el filólogo, el eterno observador de la lengua, y sus explicaciones van siempre buscando la raíz de los significados”. A preocupación lingüística de Sarmiento ten, en consecuencia, unha orixe etimolóxica, e esta súa paixón etimolóxica non é outra cousa cá mellor resposta que ó seu entender lle podía dar á súa preocupación de contribuír á mellora da educación e a instrución da mocidade, dos pobos, viciada –coidaba el– por un problema de comunicación derivado da xeral ignorancia do significado exacto dun importante número de palabras. O profesor Pensado (1970: 17), interpretando o pensamento do Padre Sarmiento, explicaba hai anos as razóns deste problema de comunicación, que se daba

en Castilla porque la juventud no domina su lengua, en Galicia porque enseñan una lengua desconocida, el latín, con otra lengua igualmente desconocida, el castellano. En todo el país porque las palabras y las cosas andan desatadas, porque casi hay dos lenguas, una la científica, la de los libros, que no tiene soportes reales dado que al estudiar de memoria no queda en la mente de los estudiantes más que palabras y no ideas; y otra la vulgar, que prácticamente es ignorada, por no decir despreciada, del erudito. Un problema lingüístico, semántico, de comunicación, es la causa del atraso de su patria, se produce en el momento mismo de comenzar la educación de la juventud, al atiborrarle la cabeza con palabras e ideas que no tienen fundamento en la realidad de las cosas. El estudio de las palabras, de sus etimologías, es el camino para clarividenciarlas, para desentrañar su verdadero significado.

Parécenme novamente atinadas as observacións de Pensado, pero en realidade para se asegurar do carácter aglutinador que os estudos etimolóxicos teñen no conxunto da obra de Sarmiento non é preciso acudir ó que dela dixeron os seus analistas e intérpretes, por máis que estes estean moi cualificados. Cando en 1766, ó escribir nos *Elementos Etimológicos según el Método de Euclides* mesmo coma se dun diario persoal se tratase, bota Frei Martín a vista atrás e pensa no que foi o traballo intelectual da súa vida, redacta unhas poucas liñas que valen perfectamente como resumo de calquera biobibliografía que del se faga:

Por los años de 1730 descubrí en mí un genio dedicado a etimologías, y así fui juntando más de treinta pliegos con voces castellanas, distribuidas en pliegos por el A.B.C., pero todas las voces eran castellanas. Despues di en juntar muchas voces gallegas con sus etimologías. Desde entonces acá escribí muchos y diferentes papeles a varios asuntos, y hice dos jornadas a Galicia en donde recogí muchísimas voces gallegas puras, porque allí tomé por asunto hacerme cargo de los nombres gallegos de la historia natural, y con la etimología que se me ofrecía de pronto, reduciéndolos a la lengua latina.

Para colocar todas esas voces y frases gallegas con algún método, imaginé formar un contexto gallego de todas, y con el fin de formar un *Glosario* o *Comento* de cada una de ellas en particular. Comencé ese *Glosario*, y aunque ya tengo escritos sesenta pliegos, no ha pasado de la vigésima parte de todo el contexto o tejido de voces gallegas. En ese *Glosario* me tomé la libertad de amontonar muchas etimologías gallegas y castellanas, para desentrañar mejor las voces y significados, que siempre es mi fin principal, mirando la analogía de las letras, como medio para ese fin (in Paz 1930: 734).

Coido que nesta reflexión o Padre Sarmiento deixou claramente sentadas tres cuestións fundamentais relativas á súa traxectoria intelectual: 1) o papel de motor e de elemento aglutinador que os estudos etimolóxicos desempeñaron no conxunto de seu labor intelectual; 2) o punto de inflexión que na súa carreira supuxo a viaxe a Galicia de 1745, complementada tempo despois pola de 1754-1755; e 3) o papel representado nese itinerario intelectual polas coplas galegas do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* e o seu correspondente comento ou glosario.

Logo dunha serie de traballos diversos que escribe entre 1718 e o final dos anos vinte, o monxe pontevedrés “descobre” ós 35 anos, en 1730, a súa vocación de etimólogo, ó primeiro centrada só nas voces castelás e tempo despois interesada moi especialmente nas galegas, pero en todo caso sempre presente: “amontonar muchas etimologías gallegas y castellanas para desentrañar mejor las voces o significados [...] –escribe en 1766, no ocaso da súa vida– siempre es mi fin principal, mirando la analogía de las letras como medio para ese fin”. Véxase, en efecto, como mesmo desde 1730, ano das *Conjeturas para establecer algunas Etimologías de Voces Castellanas por alfabeto*, non abandonará xa nunca o labor de etimólogo, ben producindo obras plenamente centradas nesa disciplina que ou pretenden senta-los seus principios elementais (*Apuntamientos para un Discurso Apologético sobre Etimologías*, 1758; *Elementos Etimológicos según el Método de Euclides*, 1766) ou buscan estudar etimoloxicamente determinados materiais (*Onomástico Etimológico Latín-Gallego de los nombres de Lugares, apellidos y frutos de Galicia*, 1769; etc.), ben espaxando observacións etimolóxicas en moitas obras que tiñan como obxecto principal outra materia, ben escribindo traballos dedicados a unha disciplina tan intimamente ligada á etimoloxía como a onomástica (*Etimología del nombre del lugar de San Martín de Sacar de Bois*, 1758; *Origen de la voz Escorial*, 1762; o mesmo *Onomástico Etimológico Latín-Gallego*, 1769; etc.).

As dúas viaxes principais a Galicia, e particularmente a primeira (a de 1745), marcan ostensiblemente un antes e un despois no percorrido intelectual do Padre Sarmiento ou, cando menos, no conxunto da súa produción científica. Véxase como a pesar de que el mesmo recoñece que a súa obra é variada (“escribí muchos y diferentes papeles a varios asuntos”), non deixa de anotar que a partir das súas viaxes a Galicia tomou por ocupación principal a de se facer “cargo de los nombres gallegos de la historia natural, y con la etimología que se me ofrecía de pronto, reduciéndolos a la lengua latina”. De feito, na cronoloxía dos seus escritos da colección Medina Sidonia percíbese claramente que os

títulos referentes a temas de historia natural e botánica, inexistentes entre 1718 e 1745, só empezan a aparecer a partir deste último ano, cando el, que xa contaba con cincuenta, toma as notas do *Viaje Geográfico del Autor a Galicia e Historia Natural e dá comezo ós Apuntamientos para una Botánica Española*. De alí en diante os manuscritos sobre estes temas fanse numerosos: *Catálogo de Voces de la Lengua Gallega recogidas por el Padre Sarmiento en sus viajes de 1745 y 754*, *Pensamientos Crítico Botánicos para una Historia Natural de los Vegetables en España* (1754), *Noticia de algunos vegetables extraños que ya están connaturalizados en España* (1756), *Pájaro Flamenco* (1757), *Betula o ave-dul* (1759), *Planta Carqueixa* (1761), *Sobre el vegetable Seixebra* (1762), *Hierba Lesta* (1767), etc. Dá, en fin, a sensación de que a viaxe a Galicia de 1745, logo arrequeitada pola que fixo na década dos cincuenta, proporcionoulle a Frei Martín unha riquísima base de datos de diverso tipo que abonda para explicar que, se ata o dito ano de 1745 a súa produción escrita non é especialmente abundante (véxase que incluso presenta períodos en branco, coma os de 1719-1722, 1724, 1728-1729, 1732-1734 e 1736-1742), desde aquel momento increméntase de maneira notable, xa que nos últimos vintecinco ou vinteseis anos da súa vida boa parte do seu traballo intelectual consistiu en irle dando o debido tratamento ó material que tiña recolleito. ¿De que se compoñía, pois, aquel tesouro que o noso monxe trouxo de Galicia cando chegou a Madrid nos primeiros días do mes de febreiro de 1746? ¿Que viñera a buscar aquí en 1745? A resposta témola na seguinte pasaxe da *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento*:

[En 1745] fui al Capítulo General a Valladolid, y desde allí pasé a divertirme a Galicia. Tomé y llevé conmigo un libro en 4º y en blanco para ir escribiendo en el mi Diario, y todos mis viajes. Apunté todos los lugares por donde pasaba, y todas las inscripciones con que tropezaba. También apunté todos los vegetales que veía, con sus nombres gallegos de frutos y frutas. Todos los pescados, conchas y mariscos. Todas las aves y animales. También me fecundé de muchas voces gallegas vulgares, y el *Diario* ocupó 20 pliegos. Ocupé otros veinte pliegos en 4 cuadernos de las voces gallegas que oí en Pontevedra y el resto de Galicia (cit. en Filgueira Valverde 1994: 128).

Para el, dinos a seguir, esta viaxe de 1745 supuxo uns descubrimentos, unhas revelacións fundamentais no discorrer da súa particular viaxe intelectual: “Con esta ocasión me aficioné infinito a la hist. natural, a la Botánica y a la lengua gallega, y a averiguar el origen y etimología de cada voz gallega, reduciéndola al latín. El año de 1730 escribí sobre las *Etimologías de las voces castellanas*, sin pensar en las etimologías de las voces gallegas hasta 1745” (cit. en Filgueira Valverde 1994: 128). Este ano, pois, acabou por configurarse, como xa dixeran antes, no gran punto de inflexión da traxectoria intelectual de Sarmiento: antes del nada había na súa obra escrita de especial interese nin pola historia natural, nin pola botánica, nin pola lingua galega e as súas etimoloxías; despois del case todo o que o noso monxe fixo tivo unha relación máis ou menos directa con algunha desas parcelas do saber. E é que, como xa indicou Pensado (1975: 16), o obxectivo principal daquela viaxe de 1745, que fora o de “fecundarse en el conocimiento de

las cosas y sus nombres, fue conseguido en tal manera que de esta fuente nace la mayor parte de la información desplegada en el terreno histórico, filológico, botánico o naturalístico, a partir de 1746”.

Así, pois, se a afección sarmentina á historia natural e á botánica parece fundamentalmente filla dunha idade tan madura coma a dos cincuenta anos, algo moi semellante cómpre dicir verbo do seu interese pola lingua galega e polas cousas galegas en xeral. Pouco hai relativo a Galicia nos escritos que o noso autor produciu entre 1718 e 1745, pero de aí en diante será esta constantemente unha das súas referencias fundamentais en todo tipo de obras, e especialmente, claro está, naquelas que abordan de pleno algún tema galego: *Viaje Geográfico del Autor a Galicia e Historia Natural* (1745), *Catálogo de Voces de la Lengua Gallega recogidas por el Padre Sarmiento en sus viajes de 1745 y 754*, *Sobre el Cerco de Pesquería de Pontevedra y Geografía de esta villa* (1749), *Lista de los Lugares del Reino de Galicia en 750* (1750), *Colección de voces Gallegas en Coplas* (1751), *Viaje geográfico del Autor a Galicia* (1754), *Carta al Padre Terreros sobre el Origen de la Lengua Gallega y sobre la Paleografía* (1755), *Confirmación de que el origen de la fábula del Meco y del Chasco nació fuera de Galicia* (1757), *Castellanos de Orense* (1758), *Origen de la voz gallega Mixiriqueiro contra los portugueses* (1759), *Problema Chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método* (1762), *Situación y clima de Pontevedra* (1764), *Onomástico Etimológico Latín-Gallego* (1769), etc.

Dado o xa mencionado interese fundamental de Sarmiento polos estudos etimolóxicos en xeral, non pode estrañar que un dos temas galegos ó que probablemente dedicou máis horas de traballo desde 1745 ata os derradeiros meses da súa vida fose precisamente o das etimoloxías das voces galegas e, nun nivel superior, o da orixe do noso idioma. Non hai que esquecer que el mesmo escribía en 1766 que des que fixera a viaxe de 1745 tomara a firme determinación de se ocupar da raíz dos nomes galegos de historia natural “reduciéndolos a la lengua latina”. Esta foi para el unha tarefa creo que prioritaria na última e cientificamente máis productiva fase da súa vida, entre 1746 e 1772, aínda que é certo que durante certos períodos a deixou nunha especie de barbeito. Co ánimo de ilustrar axeitadamente o glosario etimolóxico que á volta de Galicia decidiu facer, Frei Martín formou a idea de inserir as voces galegas que tiña recollidas nos seus papeis nun contexto que contribuíse a clarificar adecuadamente o seu significado. Así, o “contexto o tejido de voces gallegas” ó que alude no fragmento dos *Elementos Etimológicos según el Método de Euclides* que anteriormente transcribin non é outra cousa có *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746), o primeiro poema extenso da tradición literaria galega moderna. Repárese, xa que logo, en que a nosa historia quixo que o autor do –insisto– primeiro poema extenso da nosa tradición literaria moderna non fose un poeta propiamente dito, senón un intelectual que nos deixou escrita unha confesión tan pouco susceptible de interpretacións coma a seguinte: “Jamás he sido poeta y nunca me ocupó mucho tiempo el leer poetas” (cit. en Filgueira Valverde 1994: 123). Frei Martín, pois, non compuxo o

Coloquio de 24 gallegos rústicos concibíndoo como un fin en si mesmo, por pura vocación poética, senón entendéndoo como un medio útil para facilitarlle a consecución daquilo que verdadeiramente perseguía: o estudio semántico e etimolóxico do léxico galego que recollera nas súas viaxes a Galicia³. Por conseguinte, o lector das súas coplas, se probablemente non experimentará un grande pracer estético ó achegarse a elas, cando menos poderá te-la certeza de que se está asomando a un verdadeiro tesouro lexical deza-oitesco oportunamente complementado polo seu erudito glosario e tamén a unha das primeiras tentativas modernas de lle dar unha determinada forma escrita á lingua galega.

Mencionei nos inicios desta biobibliografía un dato que quedou pendente e que sen dúbida merece agora un comentario: o único libro que Frei Martín deu en vida súa á imprenta foi a *Demonstración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal*, publicada en 1732 para saír en defensa do seu mestre Feijoo cando o monxe pontevedrés contaba con trinta e sete anos e estaba aínda nos comezos da súa traxectoria intelectual. Á parte disto, o único que accedeu persoalmente a publicar foi a *Aprobacion da Ilustracion Apologética al Primero y Segundo Tomo del Theatro Crítico Universal* que en 1729 sacou á luz o Padre Feijoo, un *Soneto al impugnador del Theatro Crítico* en 1749 e a *Dedicatoria á Flora Española* (1762-1764) do seu amigo don José Quer. Quérese dicir, pois, que logo da experiencia case inaugural da *Demonstracion* Frei Martín soamente consentiu en que se lle imprimisen dúas pequenas pezas (nunca libros) que, por outra banda, eran máis ca nada dúas significativas declaracións públicas de amizade. Por tanto, dá a impresión de que, se desde 1732 ata 1772, durante corenta anos, non quixo entregar para o prelo practicamente nada do moito que escribiu, tal comportamento debeu de obedecer en boa medida a unha natural resistencia súa a saír á luz pública facéndose notar, pero en parte tamén a unha decisión meditada, a algunha poderosa razón derivada dunha probabilísima mala experiencia vivida a propósito dos esforzos empregados na defensa da figura e a obra de Feijoo a principios dos anos trinta⁴. Ó meu parecer, o xenio austero do Padre Sarmiento debeu de sentir estas estériles polémicas como a confirmación de que, nun mundo en que era moita a pedantería oca e ignorante e moi pouca a crítica leal e avisada, resultaba preferible retraerse e compartila aventura intelectual non cunha masa máis ou menos ampla de lectores, senón cun selecto e reducido grupo de amigos.

³ Non deixan lugar a dúbidas as palabras que a este respecto escribiu nalgunhas das súas obras. En *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento* lemos isto: “Con ocasión de la muerte de Felipe V y la exaltación de Fernando VI, salieron diferentes poesías en varias lenguas. Yo que me hallaba con una infinidad de voces y frases gallegas, quise tentar *el coordinarlas* en un metro pueril y claro” (cit. en Filgueira Valverde 1994: 130; a cursiva é miña). No prólogo que precede ó *Coloquio de 24 gallegos rústicos* tamén é moi claro: “aunque no soy poeta y estas coplas son las primeras que hize en este metro, idioma y estilo, importa poco que no sean buenas, pues mi asunto ha sido juntar muchas voces gallegas particulares y escribirlas con su verdadera *orthografía*, que observé en varios instrumentos en lengua gallega que lei en Pontevedra y en otras partes con singular gusto” (Sarmiento 1995: 111; a cursiva é miña).

⁴ Precisamente así o ve Pensado (1972: 9): “Convencido de la esterilidad de las polémicas que se desarrollaron en torno a la obra del maestro ovetense, decidió no volver a publicar más nada”.

Do carácter modesto e inclinado ó retiro do Padre Sarmiento xa falaba en 1730 o seu mestre e amigo Feijoo, quen ademais ponderaba as súas admirables capacidades intelectuais:

Mi religión tiene un sujeto, que en la edad de treinta y cinco años es un milagro de erudición en todo género de letras divinas y humanas. En cualquiera materia que se toque, da tan gratas, tan individuadas las noticias, que no parece se oyen de su boca, sino que se leen en los mismos autores de donde las bebió. Es de tan feliz memoria como de ágil y penetrante discurso, por lo que las muchas especies que vierte a todos asuntos salen apuradas con una sutil y juiciosa crítica. En sujeto tan admirable sólo se conoce un defecto, y es que peca de nimia, o muy delicada, su modestia. Es tan enemigo de que le aplaudan, que huye de que le conozcan. De aquí y de su grande amor al retiro de su estudio pende que, asistiendo en un gran teatro, es tan ignorado como si viviese en un desierto. Bien veo que el lector querría conocer a un sujeto de tan peregrinas prendas; pero no me atrevo a nombrarle, porque sé que es ofenderle (Feijoo 1924: 282).

A determinación de non publicar e de abstraerse no posible de todo aquilo que non fose a súa vida de retiro e estudio constantes déixaa Sarmiento ben clara na carta preliminar dirixida ó cardeal Valenti Gonzaga ó principio das *Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles*, escritas entre 1741 e 1745, onde falaba da “ignata repugnancia” que sempre tivera e tiña “á todo lo que es comercio humano fuera de mí mismo, y de mi celda, y á desear, y apetecer, fuera de Dios, cosa que no tenga en mi celda, ó en mi mismo” (Sarmiento 1775: XVI-XVII). Unha xustificación por extenso deste comportamento que o levaba a vivir retirado sen se prestar ás angueiras da publicación redactouna nun escrito rematado en 1758 que titulou *El porque sí y porque no del Padre Martín Sarmiento*:

Porque sí vive siempre tan retirado.

Y porque no se pone al oficio de escritor (Sarmiento 1988: 25).

Entre os dous porqués existía, segundo el mesmo dicía, unha “conexión natural” (Sarmiento 1988: 79): vivía retirado porque esa era a única maneira que vía para evitalas contradicións que inevitablemente lle crearía a hipocrísia reinante no trato social da época; non publicaba porque publicar supoñeríalle ó cabo entrar de feito no xogo social, e el non estaba disposto a sacrificala súa tranquilidade e conformidade consigo mesmo a cambio do problemático aplauso do mundo:

No sé hablar sino como pienso: por eso debo vivir tan retirado del mundo, que no gusta de esas conformidades. No sé escribir sino como hablo y como pienso: por eso debo huir de tomar la pluma y ponerme al mecánico oficio de escritor, que debe abandonar aquellas conformidades para hacer fortuna en serlo (Sarmiento 1988: 29-30)⁵.

⁵ Véxase tamén o que lle dicía a José Antonio de Armona nunha carta que lle remitiu o 24 de xuño de 1761, incluída na Colección Dávila da Biblioteca Nacional de Madrid e publicada por Pensado (1972: 81-84): “La cordura está en no manifestar lo que se piensa sin necesidad a cualquiera que viene a tentarlo. El mayor peli-

Domina neste *El porque sí y porque no* un ton desenganado e mordaz e un desexo amargurado de poñer ó descuberto a hipocrisía, a vaidade e a ociosidade triunfantes na corte borbónica do XVIII, ó tempo que o seu autor desmente a fama de misántropo e de home de xenio áspero que chegou a ter no Madrid do seu tempo. Na miña opinión, as seguintes palabras de *El porque sí y porque no* poden valer como síntese da súa tese fundamental:

Pase que el retiro ocasionado de un negro humor melancólico e hipocondríaco habitual induzca un genio cual los impostores han fingido en mí; siendo cierto que esos mal acompleccionados huyen por lo común de toda sociedad humana. Pero siendo el retiro ocasionado por una libre reflexión, este retiro es un fuerte conjuro contra todo género de melancolía. Yo vivo muy alegre solo, porque puedo vivir en compañía. No así el hipocondríaco; pues porque la compañía le ofende, sólo aspira a estar solo. A esto es consiguiente huir de los hombres. Al contrario, yo no huyo de los hombres, sino de las maulas, trapacerías, embudos y embestiduras de paseantes en Corte (Sarmiento 1988: 39-40)⁶.

Igualmente claro se mostrou a este respecto Frei Martín cando, vencendo as súas inveteradas prevencións fronte ó trato epistolar, escribía unha carta –publicada por Pensado (1972: 76-78)– en resposta a outra anterior que lle mandara don José Antonio Armona. Era o 15 de maio de 1761 e o Padre Sarmiento, que lle rogaba a Armona que non lle escribise máis para así non perturba-la tranquilidade do seu retiro no convento de San Martín, afirmaba que, se el non publicaba nada, facíao porque esa era a única maneira que vía para preservar-lo sosego e quietude da súa vida. Tanto lle temía ó desacougo que ó seu entender lle produciría o trato cos impresores coma ó derivado da acollida desfavorable que a súa publicación podería ter:

Pero jamás pienso ni pensaré en escribir cosa alguna para que se imprima, como tan escarmentado ya en cabeza ajena. Despues de escrita la materia es preciso sufrir,

gro de la tranquilidad humana es decir lo que se piensa. Decir lo contrario de lo que se piensa es ignominia de la racionalidad y de la sociedad humana. ¿Pues qué remedio? El que yo he escogido; es vivir retirado en un rincón, abstraerme de todo comercio mundano, político, literario y epistolar, y vivir sólo para Dios, para mí y para cuatro amigos. Estos, según el número de convidados, ni deben ser menos que *tres*, como las *Gracias*, ni más que nueve, como las *Musas*” (p. 81).

⁶ Do carácter voluntario da súa soidade, do seu retiro, escribiu Sarmiento en diversas ocasións, e sempre insistindo en que por nada do mundo cambiaría o gozo da aventura intelectual que día a día vivía na súa cela de San Martín polos afáns e desacougos do trato social. Isto é o que lle dicía ó conde de Campomanes nunha carta que lle enviou o 19 de setembro de 1761: “Yo no escribo por interés; no por vanagloria; no por captar Protectores para después cazar tajadas; no para estafar el dinero al Publico vendiendole Gato por Libre. No para dar de comer a libreros e impresores; no para que los Juezes que intenden en caso, se den un baño de piedra marmol, y me empalaguen de negativas. No para dar que reir, mofar, satyriزار, critiquizar, en las Gradass de S. Phelipe a los Literatos de Esquelass y de Papeles varios. Escribo, porque no tengo otra cosa que hazer, viviendo tan solo, y retirado, en mi rincón. Escribo, porque no tengo con quien hablar. [...] Escribo solo por conversar con alguno; y quiero me hagan conversacion una mal tajada pluma; un tintero que necesita de Aguja para marear para hallar el punto en donde está su tinta, y un papel con los Octaplos de Origenes” (in Simón Díaz 1972: 313). Realmente, coido que, ante afirmacións coma esta e mailas outras xa transcritas, non será excesivo concluir que Sarmiento se mostraba un tanto extremo nos seus receos ante os “enganos” e a “vaidade” do mundo exterior ó seu convento. Pero nisto foi verdadeiramente irreductible.

aguantar y esperar una cuarentena de semanas, antes que el impresor le ponga la primera mano. Las desazones con los impresores ya son antiguas, pero no sé si lo son las que cada día suceden, viendo el autor que a la mitad de la impresión se pone *nihil transeat*; se pone embargo y se da por perdido todo lo hecho.

Hoy más que nunca son muy peligrosas las resultas de un libro después de impreso. Aunque guste a muchos y muchos le aplaudan, como no guste a dos o tres... [...]

Así responde Vmd. a Mr. de La Condamine que yo no deixo de escribir de vez en cuando sobre algunos puntos, pero que España no está para imprimir, ni aun para saber sino cada uno para sí mismo. Jamás me ha arrastrado interés, ni vanagloria, y estoy en que, si esas dos pestes no reinasen en la República Literaria, habría pocos escritores que imprimiesen (Pensado 1972: 77).

Así, pois, Frei Martín revélase, polo menos desde 1730, cando Feijoo fala del no seu discurso sobre as “Glorias de España”, como un home modesto e como celoso gardián da súa intimidade e da tranquilidade do seu retiro conventual. O seu carácter rexo e tal vez un tanto obstinado deulle azos para ir rexeitando decididamente todo aquilo que o puidese perturbar ou inquietar, ben se tratase da publicación de libros e folletos, ben dun réxime de visitas, cartas e consultas para el excesivamente xeneroso e mundano. O doutor Gregorio Marañón chegou a ver nel o comportamento propio dun psicópata depresivo, e probablemente con certo fundamento: “su aislamiento –escribiu Marañón (1934: 144)–, su hosquedad y la defensa que hace de ésta denuncian a un psicópata depresivo, que concuerda con su arquitectura corporal rechoncha o pícnica”. O caso é que, debido a unha obstinación quizais enfermiza, o paso do tempo non fixo outra cousa que endurecer e volver cada día máis inatacable aquilo que en diversas ocasións Filgueira Valverde denominou o “pertinaz ineditismo” do benedictino pontevedrés.

Esta firme determinación de non dar nada ó prelo desde 1732 tivo, evidentemente, repercusións directas na propia conformación interna da súa obra. O carácter desordenado, conversacional case, do seu estilo explícase en boa medida polo feito de que o Padre Sarmiento, cando non redactaba cartas ou elaboraba informes por encargo dalgunha eminente autoridade, escribía fundamentalmente para si mesmo ou para o reducido grupo dos que gozaron do seu trato persoal, un pouco á maneira de quen, ó ir redactando día a día o seu diario, non se preocupa de volver sobre o escrito para pulilo e ordenalo. Esta circunstancia non é en absoluto desdeñable, pois determina que o pensamento de Frei Martín Sarmiento non sempre chegue a nós de forma clara e inequívoca, senón –cando menos ás veces– enturbiado por certa escuridade e mesmo pola contradicción. Como xa indicou Lázaro Carreter (1985: 116),

sus obras acusan sensiblemente la falta de organización definitiva que habrían tenido si su autor hubiera pensado, por un momento, publicarlas. Tienen, por el contrario, un carácter de notas volanderas, aunque eruditísimas, escritas en un estilo llano y familiar, en las que la idea no adquiere un armonioso desarrollo, sino que su curso se ve continuamente turbado por digresiones extemporáneas y anécdotas fuera de lugar. Esto, que da a sus escritos un aire desagradable y espontáneo, supone un grave obstáculo

cuando queremos averiguar el pensamiento definitivo del autor. Lo que afirma unas veces lo niega otras, o, lo que es más corriente, olvida sus anteriores afirmaciones y se desvía por caminos distintos.

Sobre o seu estilo desamañado ou, para dicilo coas súas propias palabras, sobre a súa falta de estilo, falou o mesmo Sarmiento en *El porque sí y porque no*, a súa mordaz e desenganada autoxustificación: “No sé hablar sino como pienso. No sé escribir sino como hablo” (Sarmiento 1988: 29). E aínda, na mesma obra, afirmaba secamente: “aquí no hay que buscar estilo, ya porque soy incapaz de tenerle, ya porque escribo como hablo” (p. 36). O seu estilo, pois, non é máis ca unha manifestación externa da súa vontade de leva-la súa coherencia ata onde lle fose necesario. Ese xeito de escribir desamañado, conversacional⁷, sintacticamente pouco acabado e por veces pródigo en léxico e fraseoloxía moi expresivos e populares, ten que ver, por conseguinte, con todas aquelas razóns que o bieito tiña para non publicar (o seu *porque non*) e, xa que logo, co hábito de escribir para si mesmo ou para un reducido grupo de persoas e nunca pensando na imprenta.

Tamén é de toda xustiza a afirmación de Lázaro Carreter acerca da abundancia de digresións e excursos innecesarios nos manuscritos de Frei Martín. Quen teña certa familiaridade cos seus escritos creo concordará comigo en que o percorrido lineal das súas argumentacións a miúdo se ve alterado por anécdotas que lle acordan subitamente e que lle parece que veñen ó caso, por noticias autobiográficas⁸, por citas e pasaxes diversas dos clásicos, da Biblia ou de autores modernos ou incluso por extensas disquisicións sobre temas relacionados coa historia natural, a botánica, a lingua ou calquera outra materia das que el máis amaba e cultivaba. Todo isto acaba conformando unhas obras en xeral amenas e variadas pero nas que, pola abundancia de digresións que conteñen e pola sintaxe non sempre pulida que presentan, pode facilmente o lector chegar a perde-lo fio argumental e, en definitiva, a non comprender cabalmente o pensamento do autor.

Tal vez o mellor expoñente desta maneira de traballar de Sarmiento sexa a *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*, redactada entre 1762 e 1766, cando xa andaba polos setenta anos. Tratábase en principio dunha demorada exposición *Sobre Foros de los Benedictinos en Galicia e Historia Natural de España*, e con este título consta na *Cronología* dos

⁷ Nas *Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles* dixo que nesa obra quixera fuxir “de todo estilo que no sea llano, y natural; yá porque así lo pide el asunto, yá porque *tampoco mi genio se acomoda á escribir con mas aliño, que con aquel que me es connatural en la conversacion*” (Sarmiento 1775: 6; a cursiva é miña).

⁸ José Luis Pensado ten sinalado en diversas publicacións que as noticias autobiográficas que Sarmiento deixou espaxadas polos seus escritos son tantas que non resultaría moi custoso escribir con elas unha biografía súa recadándoas aquí e acolá e logo ordenándoas. E paréceme especialmente atinada unha observación de Pensado (1978: 130) en que se afirma que no único libro que Frei Martín deu ó prelo na súa vida, a *Demonstración crítico-apologética de 1732*, as noticias persoais non asoman para nada e a obra perde o carácter de diario, de cousa escrita para un mesmo e non para o público, que presenta a meirande parte dos restantes escritos do bieito.

seus escritos baixo o rótulo do ano 1763. Quería con ela dar resposta a un alegato dos avogados da Coruña en que estes defendían a idea de que da pobreza e atraso de Galicia había que responsabilizar fundamentalmente á orde benedictina, que era a propietaria de grande parte do reino. Ora ben, a cantidade das digresións a que nela se entrega e o admirable exercicio de erudición de que fai gala terminaron convertendo esta obra nun voluminoso compendio de case tódalas materias que a el lle interesaron ó longo da súa vida. Non estraña que, en razón precisamente das súas dimensións, este traballo, que enche os tomos XIII, XIV, XV, XVI e XVII da Colección Medina Sidonia, pasase a coñecerse xeralmente non polo título que na *Cronologia* se lle dá, senón por outro que alude á súa formidable extensión e que xa utilizou o mesmo Padre Sarmiento: *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*⁹.

É esta obra, sen dúbida, un dos exemplos máis representativos do tipo de traballo intelectual ó que durante décadas se entregou un home sabio, en boa medida autodidacta, voluntariamente alleo a toda caste de círculos ou confrarías literarias, retirado na súa cela tal vez cun pequeno toque de amargura, se cadra un psicópata depresivo –como pensaba Gregorio Marañón–, un home, en fin, que, como el mesmo dixo, dedicou moitas das horas dos seus setenta e sete anos de vida a “leer, estudiar y escribir” (Sarmiento 1988: 40).

⁹ Sobre esta obra fixo Dubuis (1972: 147-148) unha observación que creo merece ser recordada aquí: “El carácter polémico de la *Obra de los 660 pliegos*, si da vehemencia a la expresión, a veces casi populachera, pudo ser obstáculo para un examen más sereno y más profundo de los temas debatidos”.

Anexo

A CRONOLOGIA DE LOS ESCRITOS DEL REVERENDÍSIMO PADRE MAESTRO FRAY MARTÍN SARMIENTO

Xa vai dito máis arriba que o Padre Sarmiento, obedecendo a unha determinación repetidas veces expresada, unicamente publicou en vida un libro, o titulado *Demonstración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal* (1732), escrito en defensa do Padre Feijoo. A fonte principal para o coñecemento dos seus manuscritos non é outra cá colección de escritos do Padre Sarmiento que en 1772, o ano da súa morte, mandou reuni-lo seu amigo o duque de Medina Sidonia. Na actualidade están depositados na Biblioteca de Medina Sidonia de Sanlúcar de Barrameda quince volumes desta colección, que xunto cos tres que custodia o Museo de Pontevedra serán proximamente editados polo Consello da Cultura Galega.

Destá Colección Medina Sidonia, que non deixaba de ter algún autógrafo de Frei Martín, derivaron, por unha parte, unha copia incompleta que actualmente se encontra na Real Academia da Historia e, por outra, a copia –por veces bastante descoidada– que a finais do século XVIII ordenou facer don Pedro Francisco Dávila e que hoxe custodia a Biblioteca Nacional de Madrid (a Colección Dávila). Segundo Pensado (1972: 18-19), a Colección Dávila non sempre segue de maneira fiel a súa fonte, que é a Colección Medina Sidonia. Téñase en conta, por tanto, que bastantes das obras de Frei Martín Sarmiento coñecémolas hoxe en día non a través de autógrafos, senón por apógrafos e, así mesmo, que, segundo o profesor Pensado ten dito en diversas publicacións, os copistas que lles deron traslado ás súas obras actuaron a miúdo moi descoidadamente.

A Colección Medina Sidonia levaba un índice titulado *Cronología de los escritos del Reverendísimo Padre Maestro Fray Martín Sarmiento* que se copiou por dúas veces na Colección Dávila. Fixo a súa edición Pensado (1972: 67-74) e posteriormente reproducíuna en dúas ocasións Filgueira Valverde (1981: 71-79; 1994: 97-104). Aínda que esta cronoloxía non dá noticia de tódolos escritos producidos polo Padre Sarmiento ó longo da súa vida, é en todo caso suficientemente representativa e permite sen problemas tirar conclusións válidas acerca do conxunto dos traballos que quixo levar a cabo e da súa traxectoria intelectual. Por esta razón, a súa consulta en calquera das tres edicións anteriormente indicadas revélase como un complemento moi aconsellable da lectura desta biobibliografía.

- Domínguez Fontela, J. (1924): “Fray Martín Sarmiento. Su autobiografía”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 7, 155, pp. 153-172.
- Dubuis, M. (1972): “En torno a unas reflexiones de Fr. Martín Sarmiento acerca de la despoblación de España”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27, pp. 122-148.
- Feijoo, Fr. B. J. (1924): “Glorias de España”, in *Teatro crítico universal*. Selección, prólogo y notas de Agustín Millares Carlo. Madrid: Ediciones de “La Lectura”, vol. 3, pp. 122-300.
- Filgueira Valverde, J. (1972): “El P. Sarmiento en el Museo de Pontevedra”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27, pp. 74-103.
- Filgueira Valverde, X. (1981): *Fray Martín Sarmiento*. A Coruña: Banco del Noroeste.
- Filgueira Valverde, J. (1994): *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Lázaro Carreter, F. (1985): *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*, 2ª ed. Barcelona: Crítica; 1ª ed.: anexo XLVIII da *Revista de Filología Española*. Madrid: CSIC, 1949.
- Marañón, G. (1934): *Las ideas biológicas del Padre Feijóo*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Paz, J. (ed.) (1928-1931): “Escritos Filológicos del Padre Sarmiento. Elementos etimológicos, según el método de Euclides”, *Boletín de la Real Academia Española* 15 (1928), pp. 670-674; 16 (1929), pp. 244-255 e 366-382; 17 (1930), pp. 275-290, 571-592 e 721-742; 18 (1931), pp. 118-135.
- Pensado, J. L. (1970): “Estudio preliminar”, in Fr. M. Sarmiento (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad, pp. 7-70.
- Pensado, J. L. (1972): *Fr. Martín Sarmiento, testigo de su siglo*. Salamanca: Universidad [2ª ed.: Salamanca: Xunta de Galicia, 1995].
- Pensado, J. L. (1975): “Introducción”, in Fr. Martín Sarmiento (1975): *Viaje a Galicia (1745)*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad, pp. 7-39.
- Pensado, X. L. (1978): “Feijoo e Sarmiento: dúas vidas sin paralelo”, *Grial* 60, pp. 129-154.
- Sarmiento, Fr. M. (1775): *Obras póstumas del Rmo. P. M. Fr. Martín Sarmiento. Tomo primero. Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles*. Dadas a luz por el Monasterio de S. Martín de Madrid y dedicadas al Excmo. Sr. Duque de Medina-Sidonia. Madrid: Joachim Ibarra. Reed: Buenos Aires: Emecé, 1942. Ed. facsímile da de 1775: Lugo: Alvarellos, 1988 [con “Prólogo” de E. Rivas Quintas].
- Sarmiento, Fr. M. (1988): *El porque sí y porque no*. Edición crítica, introducción y notas de Michel Dubuis, Nicole Rochaix y Joël Saugnieux. Oviedo: Instituto Feijoo de Estudios del Siglo XVIII/Université Lumière de Lyon.
- Sarmiento, Fr. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- Simón Díaz, J. (1972): “El P. Sarmiento en los archivos de Campomanes y de Silos: seis cartas más”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27, pp. 306-321.
- Viñas Cortegoso, L. (1952): *Vida y viajes literarios, número y calidad de los escritos del Rvdmo. P. Fray Martín Sarmiento*. Vigo: Monterrey.